

LISTA DE ASISTENTES

EQUIPO DE GOBERNO

Bravo Bosch, María José
Caparrini Marín, Natalia
Lago Ferreiro, Alfonso
Lantarón Caeiro, Eva
Lesmes Romero, Yolanda
Pozo Triviño, M^a Isabel del
Quintero Martínez, Félix
Reboreda Morillo, Susana
Reigosa Roger, Manuel Joaquín
Sánchez Moreiras, Adela María
Valderrama Santomé, Mónica

DECANOS/DIRECTORES

Álvarez González, Susana
Díaz Redondo, Rebeca Pilar
Formella, Arno
Garza Gil, María Dolores
Lorenzo González, M^a de las Nieves
Mociño González, María Isabel
Pazos Couto, José María
Peña Gallego, María de los Ángeles
Pérez Rodríguez, M. Rosa
Pérez Vázquez, María Consuelo
Rodríguez Domínguez, María del Mar
Rodríguez Vázquez, Virxilio
Soto González, María Mercedes

PDI-A

Anaya Revuelta, Inmaculada
Arévalo Tomé, Raquel
Durán Barbosa, Rafael
López Ardao, Jose Carlos
López Mira, Álvaro Xosé
Montero Reguera, José Francisco
Romo Pérez, Vicente
Ruiz Hidalgo, María del Carmen
Siota Álvarez, Mónica
Torres Romay, Emma

PDI-B

Álvarez Álvarez, María Salomé

ESTUDANTES

Lima González, Estela
Martínez Gómez, Sandra María
Rodríguez Pousa, Estela

PAS

CONSELLO SOCIAL
Calviño Rodríguez, Xulio
Larriba Leira, M^a Elvira
Pedrosa Silva, Ernesto

SINDICATOS

Cuevas Alonso, Miguel

DESCULPAN A SÚA AUSENCIA
Barreiro Rodríguez-Moldes, María
Covadon

Acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo do 14 de abril de 2026, convocada para ás 12:00 h. en primeira convocatoria e ás 12:30 h. en segunda, na Sala 18 do Campus Remoto da Universidade de Vigo.

Ás 12:30 do día 14 de abril de 2026 comeza a sesión, acadado o quórum en segunda convocatoria, presidida polo reitor, na Sala 18 (Consello de Goberno) do Campus Remoto. O reitor, e mais a secretaria xeral xunto con varios membros do órgano asisten presencialmente na Sala Manolo Ramos do Edificio Ernestina Otero do Campus de Vigo.

Por outra banda, as persoas da comunidade universitaria poden seguila mediante un enlace a UVigo TV cun contrasinal que se lles comunica antes do comezo da mesma.

Os asuntos a tratar son os seguintes, consonte á orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 25 de marzo de 2026.
2. Informe do reitor.
3. Aprobación, se procede, da creación e convocatoria de 12 prazas de TU do 15% con cargo á OEP do 2024.
4. Aprobación, se procede, da creación e convocatoria de 30 prazas de PPL con cargo á OEP do 2024.
5. Aprobación, se procede, do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) de doutoramento da Universidade de Vigo.
6. Aprobación, se procede, da modificación do Protocolo de actuación para cambiar de nome e de xénero de uso común das persoas transexuais, transxénero e intersexuais na Universidade de Vigo por Protocolo de actuación para cambiar de nome e/ou xénero as persoas trans, intersexuais e non binarias na Universidade de Vigo.
7. Quenda de intervencións.

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 25 de marzo de 2026.

O reitor pide que, despois das correccións feitas á acta, se aprrobe por asentimento.

Apróbase a acta por asentimento.

2. Informe do reitor.

O reitor informa sobre os seguintes asuntos:

- Hai dous cambios na sesión de hoxe. Retírase o punto 6, porque houbo achegas de servizos que van a ser incorporadas.
- O segundo é que estaban mal os datos dunha das 12 prazas do 15 %, polo que proporase a aprobación de 11 en vez de 12.
- A CRUE tenta que se siga o modelo María Goyri para o financiamento público das universidades públicas (cofinanciamento Goberno central-CCAA mediante convenio asinado por todas as partes). Ata o de agora, as tres xuntanzas non permitiron avanzar.
- O goberno quedou de enviar un pin para os contratados ao abeiro do programa María Goyri, aínda non o enviou.
- O xoves, atentos ás novidades sobre o Campus Crea.
- Finalización das negociacións para o convenio colectivo do persoal investigador e o persoal de apoio á investigación. Asinarase tras acordo sobre convenio colectivo do persoal docente e investigador laboral.
- Aberta a vía de negociar conxuntamente coas outras universidades públicas galegas o convenio colectivo do PDI laboral.
- Metrodora creou EUSES como filial, o acordo para a posta en marcha do centro adscrito con Metrodora e o Celta, pasará a ser con EUSES e Celta (mantendo Metrodora á cabeceira de EUSES).
- Solicitudade da Facultade de comercio. Poñer non só no plan novo do Grao 3º, senón 3º e 4º. Neste momento non pode dicir o reitor cal vai a ser o resultado, pero imos estudar en Consello de Dirección se pode aprobarse sen problemas, entón teríamos que convocar Consello de Goberno extraordinario despois dunha COAP necesaria, para dar a aprobación.
- Unidade mixta de investigación con Coren.
- RD de ámbitos e especialidades de coñecemento: período de consulta (liñas xerais) ata o mércores.
- Actualización das listaxes de acreditados: se fará de xeito automático a medida que a xente envíe a súa acreditación.
- Prazas: AXD M-G Xunta reconvocadas (DOG 25/9/2025): 3+2 prazas en proceso de provisión. TU 15% (BOE 12/1/2026): 5 prazas en proceso de avaliación. TU 15% (BOE 21/02/2026) modificado o 19/3/2026): 11 prazas en proceso de avaliación. PPL (DOG 16/1/2026): 48 prazas en proceso de avaliación e provisión. AXD C-P 2026 (DOG 4/3/2026): 38 prazas en proceso de avaliación. AXD M-G Xunta 2026 (DOG 16/3/2026): 7+1 prazas en proceso de avaliación. Las: 12 listaxes en proceso de convocatoria. CU e TU: 60 prazas en proceso de convocatoria.

Remata o informe ás 12.56.

3. Aprobación, se procede, da creación e convocatoria de 12 prazas de TU do 15% con cargo á OEP do 2024.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Profesorado e Ordenación Académica, despois de precisar que soamente poderán saír 11 polos requisitos a cumprir, quen fai a seguinte presentación:

Referencia	Centro	Departamento	Campus	Data_Final	R3/I3	TU
RYC-2022-036752-I	Facultade de Ciencias	Bioloxía Vexetal e Ciencias do Solo	Ourense	31/12/28	Si	Si
RYC-2021-033874-I	Facultade de Química	Química Analítica e Alimentaria	Vigo	31/12/27	Si	Si
RYC-2021-034823-I	Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais	Organización de Empresas e Marketing	Vigo	31/12/27	Si	Si
RYC-2021-031910-I	CINBIO	Química Física	Vigo	31/12/27	Si	Si
RYC-2021-031964-I	Facultade de Ciencias	Enxeñaría Química	Ourense	31/12/27	Si	Si
RYC-2019-025734-I	Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais	Estadística e Investigación Operativa	Vigo	31/8/26	Si	Si
RYC-2021-033826-I	Facultade de Ciencias do Mar	Enxeñaría Química	Vigo	30/11/27	Si	Si
RYC-2021-034044-I	Facultade de Ciencias	Física Aplicada	Ourense	31/12/27	Si	Si
RYC-2021-030966-I	Escola de Enxeñaría Industrial	Enxeñaría Química	Vigo	30/11/27	Si	Si
RYC-2019-026959-I	Facultade de Bioloxía	Ecología e Bioloxía Animal	Vigo	21/12/26	Si	Si
Retención 2025	Fac. de Ciencias do Mar	Física Aplicada	Vigo	31/12/28	Si	Si

Apróbase por asentimento.

4. Aprobación, se procede, da creación e convocatoria de 30 prazas de PPL con cargo á OEP do 2024.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Profesorado e Ordenación Académica, quen informa así:

C. ÁREA	ÁREA	Dpto	DEPARTAMENTO	Campus	Data acred.
A0185	DEBUXO	00H09	DEBUXO	Pontevedra	2023-12-20
A0465	HISTORIA DO ARTE	00H05	HISTORIA, ARTE E XEOGRAFIA	Pontevedra	2020-06-02
A0010	ANALISE XEOGRAFICO REXIONAL	00H05	HISTORIA, ARTE E XEOGRAFIA	Ourense	2021-04-09
A0500	ENXEÑERÍA AGROFORESTAL	00T06	ENXEÑERÍA DOS RECURSOS NATURAIS MEDIO AMBIENTE	Pontevedra	2021-12-17
A0650	ORGANIZACION DE EMPRESAS	00X09	ORGANIZACION DE EMPRESAS E MARKETING	Vigo	2022-09-09
A0500	ENXEÑERÍA AGROFORESTAL	00T06	ENXEÑERÍA DOS RECURSOS NATURAIS MEDIO AMBIENTE	Pontevedra	2023-10-05
A0570	LINGUAXES E SISTEMAS INFORMATICOS	00T15	INFORMATICA	Ourense	2024-05-09
A0105	COMUNICACION AUDIOVISUAL E PUBLICIDADE	00X14	COMUNICACION AUDIOVISUAL E PUBLICIDADE	Pontevedra	2024-11-08
A0735	PSICOLOXIA EVOLUTIVA E DA EDUCACION	00X10	PSICOLOXIA EVOLUTIVA E COMUNICACION	Pontevedra	2024-11-21
A0535	ENXEÑERÍA ELECTRICA	00T02	ENXEÑERÍA ELECTRICA	Vigo	2025-01-30
A0814	TRADUCCION E INTERPRETACION	00H12	TRADUCCION E LINGÜÍSTICA	Vigo	2019-02-12
A0650	ORGANIZACION DE EMPRESAS	00X09	ORGANIZACION DE EMPRESAS E MARKETING	Ourense	2019-05-31
A0295	EXPLOTACION DE MINAS	00T06	ENXEÑERÍA DOS RECURSOS NATURAIS MEDIO AMBIENTE	Vigo	2020-05-06
A0814	TRADUCCION E INTERPRETACION	00H12	TRADUCCION E LINGÜÍSTICA	Vigo	2021-06-02
A0165	DEREITO MERCANTIL	00X02	DEREITO PRIVADO	Ourense	2021-12-17
A0245	EDUCACION FISICA E DEPORTIVA	00X05	DIDACTICAS ESPECIAIS	Pontevedra	2021-12-17

C. ÁREA	ÁREA	Dpto	DEPARTAMENTO	Campus	Data acred.
A0070	CIENCIA POLITICA E DA ADMINISTRACION	00X11	SOCIOLOXIA, CIENCIA POLITICA E DA ADMINISTRACION E FILOSOFIA	Pontevedra	2022-12-23
A0105	COMUNICACION AUDIOVISUAL E PUBLICIDADE	00X14	COMUNICACION AUDIOVISUAL E PUBLICIDADE	Pontevedra	2023-12-21
A0570	LINGUAXES E SISTEMAS INFORMATICOS	00T15	INFORMATICA	Ourense	2024-06-28
A0193	DIDACTICA DA EXPRESION PLASTICA	00X05	DIDACTICAS ESPECIAIS	Pontevedra	2024-11-21
A0570	LINGUAXES E SISTEMAS INFORMATICOS	00T15	INFORMATICA	Ourense	2025-04-07
A0105	COMUNICACION AUDIOVISUAL E PUBLICIDADE	00X14	COMUNICACION AUDIOVISUAL E PUBLICIDADE	Pontevedra	2025-04-11
A0570	LINGUAXES E SISTEMAS INFORMATICOS	00T15	INFORMATICA	Ourense	2025-05-06
A0265	ESTADISTICA E INVESTIGACION OPERATIVA	00C05	ESTADISTICA E INVESTIGACION OPERATIVA	Vigo	2014-12-17
A0230	ECONOMIA FINANCEIRA E CONTABILIDADE	00X07	ECONOMIA FINANCEIRA E CONTABILIDADE	Ourense	2016-11-08
A0230	ECONOMIA FINANCEIRA E CONTABILIDADE	00X07	ECONOMIA FINANCEIRA E CONTABILIDADE	Vigo	2018-10-26
A0305	EXPRESION GRAFICA NA ENXEÑERIA	00T01	DESEÑO NA ENXEÑERIA	Vigo	2019-05-08
A0245	EDUCACION FISICA E DEPORTIVA	00X05	DIDACTICAS ESPECIAIS	Pontevedra	2020-02-27
A0170	DEREITO PENAL	00X03	DEREITO PUBLICO	Vigo	2021-03-05
A0785	TECNOLOXIA ELECTRONICA	00T11	TECNOLOXIA ELECTRONICA	Vigo	2021-09-08

Apróbase por asentimento.

5. Aprobación, se procede, do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) de doutoramento da Universidade de Vigo.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Titulacións e Innovación Docente, quen intervéñen do seguinte xeito:

Antecedentes


- Aprobación inicial do SGC de doutoramento no CG do 27/02/2020.
- Dende entón producíronse cambios legislativos e normativos:
 - LOSU 2/2023 (+ normativa estatal derivada)
 - Lei 14/2011, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación (modificacións 2020→2023)
 - Axencias de calidade
 - – Rede REACU: directrices e orientacións para a acreditación institucional de centros que imparten programas de doutoramento (2023)
 - – ACSUG: procedemento para solicitar modificacións nos PD (2023)

Obxectivo

- Estratexia/obxectivo da Eido: acadar a acreditación institucional (AI) no curso 2025/2026
- Pasos que seguir
 - Realizáronse as seguintes modificacións/actualizacións deste no Plan de calidade 2024-2025:
 - Manual de calidade da Eido (índice 02)
 - Mapa de procesos
 - Procesos (cos correspondentes procedementos, todos a índice 01):
 - Dirección estratéxica
 - Avaliación e mellora
 - Xestión dos programas de doutoramento
 - Formación do persoal investigador
 - Promoción e captación de estudantes
 - Xestión académica
 - Xestión da documentación

Obxectivo

- As modificacións aprobáronse en comités de dirección da Eido ao longo de 2025.
- O documento presentado do sistema de garantía de calidade da Eido foi aprobado polo Comité de dirección o 20 de novembro de 2025.
- Información actualizada na web da Eido: <https://eido.uvigo.gal/gl>



Aspectos máis salientables

- Integración de estándares do programa HR Excellence in Research
- Consideración progresiva da responsabilidade social e da sustentabilidade (ODS) nos procesos de doutoramento
- Adaptación ás directrices de REACU 2023
- Mellora da visualización dos contidos e simplificación
- Actualización do Catálogo de indicadores de doutoramento (v3). Indicadores HR e ODS
- Guía de boas prácticas da Eido

Aspectos máis salientables

- Novo procedemento de comunicación e proxección social
- Posta ao día dos anexos: imaxe institucional + simplificación + dixitalización
- Adaptación a cambios legislativos no proceso de elaboración e defensa das teses (formularios incluídos)
- Programa de actividades de captación de estudantes de doutoramento (Vicerreitoría de Estudantado e Empregabilidade)
- Repositorio documental para os PD + Eido

Apróbase por asentimento.

6. Aprobación, se procede, da modificación do Protocolo de actuación para cambiar de nome e de xénero de uso común das persoas transexuais, transxénero e intersexuais na Universidade de Vigo por Protocolo de actuación para cambiar de nome e/ou xénero as persoas trans, intersexuais e non binarias na Universidade de Vigo.

O reitor informa sobre a retirada deste punto.

7. Quenda de intervencións.

Virxilio Rodríguez Vázquez toma a palabra para manifestar a preocupación dos departamentos polo curto prazo para a elaboración do POD. Coa elaboración conxunta dos POD en Graos e Mestrados, non saben as horas de docencia en mestrado, o que impide facer con seguridade o POD.

Outra cuestión é o aplicativo do correo electrónico, van cambiando os recoñecementos. Pregunta sobre as incidencias, como se canalizan, polo departamento ou por onde.

A vicerreitora responde que todo ven da experiencia do ano pasado. Moitos mestrados pediran o ano anterior que volveran a abrir o POD para o mestrado. Por iso decidiron que este ano íase facer así. Vaise enviar un e-mail aos coordinadores de mestrado, e van ser flexibles cos prazos de POD. Con respecto á segunda pregunta, houbo cambios puntuais porque houbo algún erro na asignación de horas dos asociados.

Vicente Romo Pérez pregunta sobre a información que saíu estes días na prensa dun presunto caso de acoso sexual. Gustaríalle saber que protocolos temos na nosa universidade.

O reitor explica o procedemento disciplinario:



O procedemento disciplinario estrutúrase en **dúas fases claramente diferenciadas**:

1. Información reservada (fase previa):

É unha fase preliminar destinada a: comprobar se existen indicios, protexer ás persoas implicadas, e determinar se procede abrir un expediente disciplinario.

A normativa esixe que a persoa instrutora desta fase sexa distinta da instrutora do expediente disciplinario formal, para garantir a imparcialidade.

Universidade de Vigo



2. Expediente disciplinario (fase formal)

Se da información reservada resultan indicios suficientes, ábrese o expediente disciplinario con todas as garantías previstas na normativa disciplinaria e no TREBEP:

Acordo de incoación, nomeamento de instrutora, prego de cargos, prego de descargos, práctica de probas, vista do expediente, proposta de resolución, resolución final.

A **Asesoría Xurídica** supervisa a corrección xurídica do procedemento e custodia o expediente.

Universidade de Vigo

Relación co procedemento penal

Cando os feitos están sendo investigados pola Fiscalía ou por un xulgado penal, a normativa disciplinaria obriga a **suspender o procedemento disciplinario** ata que a autoridade penal autorice a súa continuación.

Isto significa que a Universidade **non pode continuar** mentres exista unha investigación penal aberta, pero a suspensión **non implica arquivo**.

– Unha vez que a autoridade xudicial ou fiscal comunique que xa non existe causa penal, **a Universidade debe reactivar o expediente disciplinario**.

Universidade de Vigo

Situación do caso actual:

A Universidade **abriu no seu momento a información reservada**, coa instrutora correspondente.

Desa fase resultou a existencia de indicios, polo que se **designou hai case un ano unha instrutora para o expediente disciplinario**, tal e como esixe a normativa.

Ao iniciarse actuacións na Fiscalía, a Universidade **tivo que suspender o procedemento**, conforme ao TREBEP e á normativa disciplinaria.

A instrutora mencionada na prensa corresponde á **fase de información reservada**, non ao expediente disciplinario formal.

En canto recibamos a comunicación oficial de que podemos continuar, **o expediente disciplinario reactivarase de inmediato**.

Universidade de Vigo

Rosa Rodríguez Pérez pregunta se a secretaria xeral vai seguir sendo a presidenta da Comisión Electoral. A secretaria xeral responde que esta mañá a primeira hora xa informou de que hoxe mesmo renunciará ao posto de presidenta da Comisión Electoral. A substituta será Natalia Caparrini Marín, vicerreitora de Estudantado e Empregabilidade, a quen o reitor agradece a súa dispoñibilidade.



Miguel Cuevas intervén para dicir, no caso do acoso sexual, que se alegra de ver que o procedemento ten todas as garantías. Por outra banda, cre que é necesario, posto que xa transcendeu, agradecer o labor de Carmen Ruiz, xa que non é cómodo nin fácil, nin un resultado que un esperaría, e, polo tanto, agradecer a este tipo de persoas, neste caso a Carmen Ruiz, o seu traballo nestes procesos. O reitor súmase ao agradecemento a Carmen Ruiz polo seu traballo.

María Dolores Garza Gil fai unha pregunta sobre os Estatutos. O traballo foi rematado na última Comisión de Estatutos, entende que o novo Claustro será quen aprobe ou non este tema. O reitor comenta que efectivamente será o novo Claustro quen leve a cabo o procedemento relativo aos futuros Estatutos.

José Francisco Montero Reguera intervén para comentar o asunto do acoso sexual. Pide que cheguemos ata o final, o máis cedo posible. Está causando un dano reputacional á propia universidade. Temos que tomar medidas con respecto á información que sae, unha filtración que nunca debeu saír. Fai público o seu recoñecemento ás persoas que participaron nesta instrución e particularmente a Carmen Ruiz Hidalgo, agora que o seu nome é coñecido por toda a comunidade universitaria: un bico e unha aperta para ela. Reitera o compromiso da Facultade de Filoloxía e Tradución na promoción activa da igualdade e da inclusión.

O reitor agradece a presenza dos membros do Consello de Goberno.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 14:00 h. do día 14 de abril de 2026, da que eu como secretaria xeral dou fe, co visto e praxe do reitor.

O reitor

A secretaria xeral